verdegaia Sustentabilidade ecolóxica Xustiza social Paz

# MEMORIA DE ACTIVIDADES 2021
# VERDEGAIA

## Listas de traballo actuais

- Biodiversidade
- Mudanza Climática
- Residuos e Consumo consciente
- Educación e Xustiza

## BIODIVERSIDADE:

- 31/03, Os xulgados tumban a tentativa da Xunta de impedir o acceso á xustiza gratuíta na investigación penal sobre as minas de San Finx

- O 14/04 Verdegaia presenta alegacións ao PRUX do Parque Natural de Corrubedo.

· 09/06, A Sociedade Civil europea denuncia os plans de materias primas da UE que impulsan a minería destrutiva.

· 10/12 No día internacional dos dereitos dos animais, Verdegaia quixo recordar os innúmeros animais non humanos que morren en accidentes de tráfico mentres son transportados das naves de ceba aos matadoiros.

· 17/12, Alegamos ante Augas de Galicia a pretensión da empresa que xestiona as Minas de San Fins de Verter os residuos mineiros

**AS BRIGADAS DESEUCALIPTIZADORAS:**
(forman parte da área de biodiversidade)

· 23/01, Roga no Formigueiro (Cedeira). As Brigadas deseucaliptizadoras inician o seu traballo nunha das comarcas galegas máis castigadas polo eucalipto. Esta será a primeira de dúas xornadas de traballo no lugar de Formigueiro (entre Cedeira e santo André de Teixido).

· 06/02, a desacaciación continúa en Lentille. Da man da Asociación veciñal de Lentille,as Brigadas (tamén desacaciadoras!) voltan á carga no esforzo por habilitar camiños e seguir facendo recuar as acacias desta aldea do Ribeiro.

· 20/03, Froxán, xornada de desacaciación. As brigadas voltan á Área conservada da comunidade de Froxán(Lousame) para unha xornada de deseucaliptización e plantación de frondosas autóctonas na paraxe do Portelo da Devesa.

· 04/04, o Faramello, as brigadas actuaron sobre un anaco de monte reforestado con especies autóctonas por volta do Pazo de Faramello, en Rois. Logo de varios incendios, as terras acabaron inzándose de acacia, que se está procurando erradicar para recuperar un entorno de grande valor.

· 24/04, As Brigadas (tamén desacaciadoras!), convocadas pola Asociación veciñal de Lentille,teñen nova cita nesta aldea do Ribeiro.

· 02/05, Roga en Froxán, xornada de consolidación de traballos de deseucaliptización de convocatorias anteriores seguida dun roteiro histórico-ambiental pola tarde na contorna das Minas de San Fins.

· 05/06, Roga en Mondariz-Balneario, onde as brigadas neste sábado 5 de xuño, día mundial do ambiente, actuarán sobre unha parcela de titularidade pública moi afectada polas vagas de incendios.

· 12/06, as Brigadas deseucaliptizadoras actuarán por primeira vez sobre o monte San Lois (Noia), terras da Comunidade do Monte Veciñal en Man Común de San Lois onde se pretende erradicar a praga da acacia negra (*Acacia melanoxylon*) que asola a comarca. O monte San Lois ten un gran valor natural e paisaxístico e inténtase recuperar con especies autóctonas.

· 19/06, as Brigadas voltan á Lousame para unha xornada de consolidación de traballos de deseucaliptización de convocatorias anteriores xunto con traballos de recuperación do patrimonio cultural que acolle o monte.

· 03/07, Froxán e Lourizán: dúas caras da mesma loita no 3 e 4 de xullo, as Brigadas retoman os traballos de consolidación do bosque nativo na contorna da Casa da Susana, onde crianzas e familias plantaran en 2017 centos de árbores, na Área Conservada pola Comunidade de Froxán(Lousame).

· 21/08, as Brigadas voltan á Froxán (Lousame) para avanzar nunha nova frente tombando e descascando eucaliptos ao pé doregueiro da Costa.

· 09/10, Roga no Ribeiro, a Asociación Veciñal de Lentille veñen convocar máis outra vez ás Brigadas (Desacaciadoras, neste caso) para colaborar no esforzóocontínuo por facer recuar a masa de mimosas do perímetro da aldea e reforestar con frondosas autóctonas.

· 20/11, A Asociación viciñal de Lentille, ven de convocar de novo as Brigadas (Desacaciadoras, neste caso) para colaborar no esforzo contínuo por facer recuar a masa de mimosas do perímetro da aldea e reforestar con frondosas e froiteiras autóctonas.

· 20/11 As brigadas continúan o traballo comezado no mes de agosto en Lentille.

· 28/11 As brigadas continúan o traballo comezado no mes de agosto en Froxán.

· 19/12, As brigadas despiden o ano 2021 cun novo encargo, neste caso Comunidade do Monte Veciñal en Man Común Serra do Xurés-Riocaldo, despois de ver a zona e de organizar, comezaremos as actividades de 2022 abrindo un novo frente en Lobios, no Xurés.

Roteiro realizados polas Brigadas Deseucaliptizadoras:

· 02/05, Roteiro polas Minas de San Fins dentro da Brigada dese día e do 5º Encontro Contraminacción sobre os impactos da minaría

| Lugar Brigadas | Número accións realizadas |
|---|---|
| Padróns (Ponteareas) | 1 |
| Formigueiro (Cedeira) | 1 |
| Lentille (Cenlle) | 4 |
| Froxán (Lousame) | 7 |
| Faramello (Rois) | 1 |
| Mondariz-Balneario | 1 |
| San Lois (Noia) | 1 |
| **TOTAL** | **16** |

## MUDANZA CLIMÁTICA:

· 19/03, Apoiamo A acción Global polo Clima organizadas polo Movemento Galego polo Clima convocadas a nivel global por Fridays por Future, Ante a emerxencia climática non máis promesas baleiras

· 04/06, Reflexión de Verdegaia ante o sistema enerxético galego fronte á invasión de megaparques eólicos...

· 30/07, Verdegaia denuncia que institucións públicas patrocinan actividades que promoven a Mudanza climática.

· 26/08, Verdegaia alega a construción do megaparque eólico de Meirama que afecta os concellos de Cerceda, Carral e Ordes.

· 25/11, Verdegaia publica "Relato dun sábado (20 de novembro de 2021) asollado nas Rías Baixas" sobre a contaminación lumínica en Vigo e o derroche enerxético.

## MOBILIDADE E TRANSPORTE:

· 10/09, Verdegaia alega un proxecto de 12.000.000 € co que a Xunta quere desdobrar un treito de 2,1 km na PO-552.

· 20/11, Verdegaia denuncia " o estado deplorable ao que chegou a estación de bus de Vigo".

## TRABALLO EN REDE:

## FEG:

· 16/01/2021 Verdegaia participou na Asemblea anual da Federación Ecoloxista Galega (FEG), da que forman parte 11 grupos ecoloxistas de Galiza, tanto de ámbito local ou comarcal coma galego. Nesta asemblea, que debeu ser realizada por videoconferencia, conmemorouse o papel da Federación para a protección do medio ambiente durante 30 anos de historia cumpridos durante a pandemia, e consensuouse o importante obxectivo de aglutinar ao ecoloxismo galego para tecer rede e traballar cara un futuro que se prevé duramente marcado polas consecuencias da degradación ambiental. Ademais, nesta asemblea renovouse a súa Comisión Permanente, que coordinará a actividade da FEG durante o próximo ano.

· 16/02 A Federación Ecoloxista Galega denuncia ante a comisión de peticións do parlamento europeo o Parque eólico Xesteirón pola ocupación de hábitats protexidos

· 23/02, A Federación Ecoloxista Galega informa negativamente o documento de inicio do proxecto do Parque Eólico Mariño Flotante "Nordés"

· 03/03 Desde a FEG alertamos sobre a proposición de Lei da Recuperación da Terra Agraria.

· 03/08, A Federación Ecoloxista Galega, da que forma parte verdegaia, ve imprescindible a presenza ecoloxista na comisión de calidade do aire de Galicia.

· 20/08 A FEG, da que forma parte verdegaia, participa nas alegacións aos proxectos eólicos Rula e Coto dos Lobos.

· 08/09, A Federación ecoloxista galega, da que forma parte Verdegaia, alega contra o proxecto do parque eólico do castrove.

· 17/10, a Federación Ecoloxista Galega (da que forma parte verdegaia) solicita ser parte no procedemento aberto da Mina de Touro.

## ALDEAS CON HORIZONTE:

· Verdegaia formou parte dos 60 colectivos do ámbito ecoloxista, sindical, veciñal, cultural, xunto con plataformas de persoas e comunidades de montes afectadas por parques eólicos abusivos en Galiza lanzamos o Manifesto Aldeas con Horizonte co que demandamos a moratoria de novos parques eólicos, a revisión dos xa aprobados

nos que haxa conflito social e/ou ambiental e a elaboración dun novo marco normativo en materia eólica que promova no país un modelo de implantacion desta enerxía máis ordenado, sostíble, social, participativo, xusto e racional.

**EÓLICA, ASÍ NON.**

· Formamos parte desta coordinadora de colectivos dende o seu inicio. O seu obxectivo é organizar diferentes accións de protesta contra o actual despregue eólico baseado en macro parques e solicitar unha moratoria para repensar dun modo máis participativo e transparente o papel da enerxía eólica no noso territorio. Tamén ten unha función de apoio mutuo, en especial para compartir información, recursos e dar voz aos colectivos máis pequenos.

· O 5/06 manifestación en Compostela baixo o lema "Eólica, así non". Participamos como convocantes baixo esta coordinadora.

· O 11/12 manifestación na defensa das montañas: eólica así non!. Desde a plataforma Eólica, Así Non: reclamamos a paralización inmediata dos proxectos eólicos en tramitación e un novo modelo enerxético , fixéronse 22 concentracións en lugares afectados pola invasión de macro-proxectos eólicos. Verdegaia participou como convocante desta manifestación xunto a máis de 170 colectivos.

**CAMPAÑA CONTRA O PLAN FORESTAL: POR UN MONTE GALEGO CON FUTURO**

· Verdegaia participou na Campaña contra o Plan Forestal: Por un monte galego con futuro. As organizacións asinantes, entre as que se encontraba Verdegaia, rexeitamos na súa integridade a primeira revisión do Plan Forestal de Galiza, tanto a versión exposta a información pública (2018) como a presentada en 2021 no Consello Forestal de Galiza, con vistas a ser aprobado no primeiro trimestre de ano. Así mesmo, solicitamos a súa anulación e a elaboración dunha nova planificación do monte a partir do Inventario Forestal Galego.

**PALESTINA.GAL**

· Ante as agresión ao pobo Palestino na Franxa de Gaza apoiamos as campañas lanzadas en solidariedade co pobo palestino: desde Verdegaia adherímonos á Campaña de solidariedade reclamando a liberación da activista humanitaria Juana Ruíz, detida en abril polo estado israelí. Foi unha proposta levada ao Parlamento pola coordinadora Palestina.gal da que Verdegaia forma parte.

· 21/04, A coordinación Palestina.gal pediu aos grupos parlamentarios a denuncia dos presos palestinos.

· 18/05 apoiamos concentracións en varios lugares do país condendo o xenocidio en Palestina.

· 19/05, publicamos a información do día 18 de maio onde Galiza foi clara dicindo que a solidariedade co pobo palestino segue e seguirá. O chamamento desde a coordinación de movementos sociais Palestina.gal tivo un grande éxito. A voz clara de toda Galiza pedindo a fin do apartheid e o xenocidio que esta a sufrir o pobo palestino ten que cesar de inmediato, así como as políticas coloniais do goberno sionista.

## GALIZA UN FUTURO SEN CARBÓN:

· 21/01, A plataforma Galiza, un Futuro sen, da que Verdegaia forma parte, celebra o peche da central das Pontes, a maior fábrica galega de cambio climático. Verdegaia participa no manifesto publicado o 21/01.

· 19/04 A plataforma Galiza, un futuro sen carbón, da que formamos parte, defende un recorte das emisións do 65% en 2030. Reclamamos tamén que se tomen medidas urxentes noutros ámbitos como o transporte.

· 02/12 A plataforma Galiza: un Futuro sen Carbón celebra tres anos na procura do abandono do carbón.

## VIGOCICLÁBEL:

· O 18 de marzo en Vigo participamos na convocatoria dunha: Bicicletada polo clima, que formaba parte de diversas mobilizacións que se fixeron por todo o País.

· 22/04, a plataforma VigoCiclábel á que pertence Verdegaia, convocou unha 'Bicicletada pola Terra' na cidade de Vigo, e o seu obxectivo foi o de visibilizar todas as vantaxes e o potencial que ten a bicicleta como medio de transporte activo.

· 08/06, Vigo Ciclábel, plataforma da que fai parte Verdegaia,lanzou un decálogo, baixo o lema : Fagamos un Vigo máis ciclábel: 10 medidas para fomentar a mobilidade activa, con medidas para promover o uso da bici como medio de transporte nos desprazamentos urbanos e así acadar unha cidade máis segura, habitábel e inclusiva.

· 04/08, Desde Vigo Ciclábel, plataforma na que participa Verdegaia, lanzou novamente neste 2021 a campaña "á praia en bici", co fin de potenciar durante o verán o uso da bicicleta como medio de transporte nos desprazamentos aos areais de Vigo.

**APOIAMOS E PARTICIPAMOS, XUNTO CON OUTROS COLECTIVOS, NAS SEGUINTES CAMPAÑAS:**

· Salvemos as Montañas de Trevinca

· Apoiamos a andaina pola protección da Serra do Suído fronte á destrución da biodiversidade, contra megaparque eólico (22/05)

· Plataforma contra a ampliación da autovía AG59 Teo-A Estrada

· Moratoria á gandaría industrial #MenosCarneMellorCarne

· Accións de protesta contra o reparto dos Fondos de Recuperación da UE #NextGenerationUE

· Presentación de mocións nos concellos por unha xestión transparente e un reparto social e ecolóxico dos fondos europeos. NextGenerationEU, Reparto Xusto.

· Agora é o momento de pechar as granxas de visóns.

· Janeiro Marrom: Brumadinho (Minas Gerais/Brasil), 2 anos do crime da Vale que continua . Desde Verdegaia apoiamos a campaña e a recollida de sinaturas.

· O 3 de novembro do 2020 asinamos o Manifesto Aquí Non contra as ameazas de novos aproveitamentos enerxéticos na Cordilleira Cantábrica da Plataforma para a Defensa da Cordilleira Cantábrica, con máis de 100 organizacións do estado. En Xaneiro de 2021 difundimos vídeo Por unha transición enerxética compatíbel coa biodiversidade e a paisaxe.

· Participamos na campaña de crowdfunding para a creación dun grupo de defensa ante as agresións ambientais na Cordilleira Cantábrica.

· Participamos na difusión da enquisa sobre os incendios da USC.

· 09/02 Manifestamos o apoio ao Ministerio de Transición Ecolóxica e solicitamos que faga efectiva a inclusión do lobo (Canis lupus) na Lista de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial (LESRPE) tal e como se acordou o 4 de Febreiro de 2021 na Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade.

· O día 23 de febreiro, o PPdG levou a pleno do Parlamento galego a súa proposta de plan forestal. Colectivos de diverso tipo, entre os que se atopa Verdegaia e que

levamos xa dende o 2018 pulando por un documento diferente, que non continúe na liña da eucaliptización e os aproveitamentos madeireiros de baixo valor socioeconómico e medioambiental. Participamos nas accións previas que se fixeron á concentración celebrada o 23/02 diante do Parlamento galego.

· 12/03 difundimos a resposta da Comisión Europea relativa á petición número 0405/2020, sobre a ameaza que supón para o ecosistema da praia da Calzoa en Vigo ser designada como espazo de esparexamento canino polo concello desta cidade no ano 2018. Verdegaia, xunto con outros colectivos, vimos denunciando, desde o 2018, a situación desta praia a que a Comisión Europea emitiu resposta á petición da cidadanía.

· O 21/03 , Día da Árbore participamos na campaña de Mobilización contra o Plan Forestal do PP

· 22/03, Verdegaia e Amigos da Terra denunciamos as medidas anunciadas pola Xunta que promoven a incineración de residuos

· 08/04,varias entidades de conservación da natureza galegas solicitamos información á consellería de medio ambiente sobre as propostas de aplicación dos fondos "next generation"

· O 24/04 participamos na difusión e na mobilización fronte a Reganosa convocada pola Coordinadora Galega por un Reparto Xusto dos Fondos Europeos, xunto co Comité Cidadán de Emerxencia para a Ría de Ferrol, para evitar que os fondos europeos se destinen a empresas contaminantes.

· Do 2 ao 9 de maio Contraminacción, rede contra a minaría destrutiva de Galiza organizou o seu 5º Encontro sobre os impactos da minaría, cun programa diverso e descentralizado que comezou o día 2 cun roteiro polas minas de SanFins en colaboración coas BrigadasDeseucaliptizadoras de Verdegaia, Vida e Ría e Plademar Muros-Noia.

· Participamos como convocantes da manifestación, celebrada o 05/06 en Compostela, baixo o lema "Eólica, Así Non" onde reclamamos a paralización inmediata dos proxectos eólicos en tramitación e un novo modelo enerxético.

· 13/06, Verdegaia apoia a mobilización organizada pola Plataforma Casalonga Limpa de Residuos de Teo.

· 17/06, Verdegaia apoia a concentración unitaria estatal en apoio do clima a saúde e a vida. A Coruña, Vigo, Barcelona, Valencia, Palma e Tarragona, únense contra a volta do turismo dos megacruceiros e as ampliacións dos peiraos.

- 04/07, participamos na marcha contra ENCE.

- 25/08, A Coordenadora ConBici, da que forma parte Verdegaia, participou na elaboración da Estratexia Estatal pola Bicicleta realizada polo Ministerio de Transporte, Mobilidade e Axenda Urbana (MITMA) e aprobada polo Consello de Ministros o 8 de xuño. Esta estratexia responde aos compromisos adquiridos coas organizacións de promoción do ciclismo para que o transporte activo gañe terreno ao vehículo privado, o que fai necesario reconfigurar os modelos de cidade e apostar por unha cidade accesíbel para as persoas.

- 23/09, O Movemento Galego polo Clima mobilízase para denunciar a baixa ambición climática do Goberno

- 15/10, Plataformas veciñais e ecoloxistas presentamos solicitude dunha moratoria e outras moitas demandas en Ourense para pór freo á gandaría industrial.

- 22/10A Coordinadora Galega polo Tren Público Social e Sustentábel realizou concentracións na Coruña e Vigo, na defensa do tren galego. As organizacións presentaron o manifesto da semana de loita polo tren, que reclama a creación dunha rede de trens de proximidade e a recuperación e reapertura de liñas pechadas

- 28/11, Verdegaia xunto con outros colectivos informa de que o 85% das persoas no estado español quere devolver botellas de vidro e de plástico, latas e brics á tenda o antes posible, algo que de momento non está nos plans do Ministerio de Transición Ecolóxica e que sería clave para fomentar a reutilización.